



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>QR1</b>
<b>ESPECIE PRINCIPAL:</b>	<i>Quercus robur L.</i> , aplicable a formacións mixtas con piñeiro do país ou outras frondosas autóctonas.
<b>OBXECTIVO:</b>	Protección, conservación e madeira de calidade, con 70-100 pés/ha de calidade en corta final.
<b>DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:</b> Todos os distritos forestais.	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Marco e densidade de plantación	2.000-2.500 plantas/ha en plantación (2 x 2, 2,5 x 2, 3 x 1,5 m). Esta densidade inicial non permitirá a roza mecanizada, polo tanto, poderanse de forma xustificada diminuir estas densidades deixando unha separación de 3 ou 3,5 m entre liñas. Recomendable rega e preparación de alcorques. 6.000- 10.000 plantas/ha en sementeira ou rexeneración natural. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	En plantación, posible reposición de marras os dous primeiros anos e rozas totais. Mantemento mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas. Posible emprego de pastoreo a partir de 15 cm de diámetro. Opcional utilización de abono (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte a legislación.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Podas de formación	Podas de formación cada 2-3 anos, non necesita poda se se fai ben o conformado de fuste.
Desmestas	Desde os 15 anos, deixando 1.000-1.500 pés/ha, poden producir madeira de trituración e leñas. Posibilidade de deixar un subpiso de especies de temperamento de sombra. En rexenerados naturais con altas densidades, con 7-10 anos realizaríase aperturas de faixas de 3,5 m mediante roza con tractor.
Rareas	Iniciar aos 30 anos, e despois seguir cada 7-10 anos. Actuar sobre dominantes e codominantes, non sendo moi intensas para evitar chupóns. Posibilidade de aplicar rareas con selección de pés de porvir. Entre os 50-80 anos rareas algo más fortes para estimular o crecimiento diamétrico. Aplicaranse en total de 2 a 4 rareas segundo densidade e evolución da masa. Recoméndase respectar arborado doutras frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con piñeiro, priorizar o carballo como especie principal.





CORTAS DE REXENERACIÓN E CONSERVACIÓN DE HÁBITATS	
Conservación de hábitats	Asegurarase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade. Dentro de Rede natura 2000, estarase ao indicado no Plan Director da mesma.
Idade de corta	90 a 120 anos, podendo manter de xeito definitivo arborado adulto en pé a partires desas idades. 70-100 pés/ha en cortas de rexeneración, con lonxitude de fuste podado, recto e sen defectos a 6-10 m, diámetro normal mínimo 50 cm. Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios.
Métodos de corta	Rareo sucesivo en dous tempos, con reserva de arborado.

